



BASES DO CURSO DE CONVERSA EN INGLÉS (3ª edición)

A Concellería de Xuventude pon en marcha a seguinte acción formativa: curso de nivel medio, baixo a denominación “Curso de conversa en inglés” cun total de 30 horas e coa finalidade de proporcionarlle ao alumno/a un instrumento básico para mellora das súas posibilidades de inserción laboral.

Destácase a importancia dos idiomas para aumentar a apertura de camiños laborais. Na actualidade, as transaccións comerciais en xeral intensifícanse día a día, polo que as empresas españolas demandan un perfil de traballador/a con coñecemento de idiomas especialmente o inglés.

OBXECTIVOS

- Reforzar e ampliar os coñecementos de inglés para desenvolverse en situacións nas que se require manter unha comunicación axeitada.
- Consolidar os coñecementos de inglés
- Perfeccionar a competencia lingüística.
- Coñecer e utilizar correctamente o ritmo nunha conversa
- Adquirir os coñecementos básicos sobre os verbos en inglés e aprender vocabulario útil para o día a día.
- Memorizar as expresións usadas para falar de pertenzas e cantidades
- Complementar a formación do mozo/a tanto a nivel persoal como a nivel profesional, mellorando as súas posibilidades reais de incorporación ao mundo profesional

TEMPORIZACIÓN

CURSO MEDIO: luns e mércores de 19.30 a 21.00 h. ;
20 e 22 de febreiro
6, 8, 13, 15, 20, 22, 27 e 29 de marzo

3, 5, 17, 19, 24 y 26 de abril
3, 8, 10 y 15 de maio

LUGAR DE REALIZACIÓN

Seminario do Auditorio de Vilagarcía de Arousa.

DESTINATARIOS

15 mozos e mozas por curso, empadroados en Vilagarcía de 18 a 35 anos.

REQUISITOS MÍNIMOS DOS/AS PARTICIPANTES

Bacharelato, equivalente, acreditación nivel B1 ou superior de EOI

SOLICITUDES E PROCESO DE SELECCIÓN

1. Solicitudes: o/a mozo/a deberá presentar unha única ficha de inscrición facilitada na Concellería de Xuventude ou na web do Concello de Vilagarcía www.vilagarcia.es, acompañada da documentación seguinte:

Tarxeta demandante de emprego (de se-lo caso)

Fotocopia DNI

Copia do título correspondente tal como estipula o apartado de requisitos de acceso.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa en horario de 8.30 a 14.30 h. de luns a venres. O prazo de presentación das solicitudes será do 7 ao 14 de febreiro.

O día 15 de febreiro publicarase a listaxe definitiva de admitidos/as.

Publicada a listaxe definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde que resulte da valoración.

En función das baixas que se produzan na actividade os/as solicitantes entrarán no curso seguindo a orde na que figuren na lista.



2.- Criterios de selección

Fíxase o seguinte criterio: orde de entrada no rexistro da solicitude, tendo preferencia os/as mozos/as desempregados/as.

PROGRAMA

- Situacións comunicativas cotiás nun entorno de fala inglesa.
- Tempos verbais e expresións nunha ampla gama de situacións.
- Léxico básico comunicativo.
- Realizar descripcións de accións no presente, pasado e futuro
- Entonación, ritmo e acento.

METODOLOXÍA

O curso será unha combinación de aspectos teóricos e prácticos.

Usaranse os seguintes mecanismos de actuación:

- 1.- Explicación teórica e posta en práctica
- 2.- Realización de diferentes exercicios de forma individual, en pequeno e gran grupo.

PLAN DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE:

Criterios e procedimentos da avaliación.

- a) Asistencia ás clases e grado de participación nas mesmas.
- b) Nivel de realización dos diferentes exercicios .
- c) Avaliarase a actividade con enquisas individuais.

Para poder obter o Certificado de Aproveitamento é imprescindible ter unha asistencia non inferior a un 80% da totalidade das horas e superar as distintas probas

PROFESOR:

Ian Barry:

Profesor de primaria no BED CARYSFORT COLLEGE DUBLÍN

Ex-profesor del C.B.S. LISMORE en IRLANDA.

Ex-profesor do GLENBEG NATIONAL SCHOOL DUNGARVAN en IRLANDA.

Ex-profesor do Colexio Peñarredonda de A Coruña.

Ex-profesor del CHESTER COLLEGE en Santiago de Compostela.